




os bolechas

guias

PEPE CARREIRO

# Xela celebra o seu aniversário

Unha historia sobre a amizade sen  
barreiras e a síndrome de Down



bolanda

# os bolechas

PEPE CARREIRO




### Entra na nosa web e faite do club!

Terás vantaxes especiais, descontos, agasallos e poderás acceder aos divertidos xogos dos Bolechas.


[www.osbolechas.gal](http://www.osbolechas.gal)

## Xela celebra o seu aniversario


Unha historia sobre a amizade sen barreiras e a síndrome de Down




Os Bolechas recibiron un convite da súa amiga Xela. Parece un convite para unha festa.



Si, é o convite para a festa de aniversario de Xela. Seica fai seis anos.




Os Bolechas acicálanse para iren á festa de aniversario de Xela.




Ás festas importantes hai que ir elegantes e con peiteados rimbombantes.




E quen é Xela? Pois é esta nena.  
–Si, eu son Xela. Ola!



Xela e os Bolechas andan na mesma escola e foi alí onde se fixeron amiguísimos.




Xela é morena e alta. E ten a **síndrome de Down**, porque ten un **cromosoma máis** no seu corpo. Pero non está enferma!




–Eu estou moi san, porque **a síndrome de Down non é unha enfermidade**. Ás veces póño-me maliña, claro, pero como calquera.



CROMOSOMA



Todas as persoas temos **cromosomas**, que son os que fan que sexamos mulleres ou homes, ou que teñamos o pelo louro, por exemplo.




As persoas temos **23 parellas de cromosomas**. E as que temos a síndrome de Down, temos as 23 parellas e **un cromosoma máis**.

–As nenas e nenos que temos a síndrome de Down, ás veces precisamos máis tempo para facermos algunhas cousas, pero facémolas igual.




–Tamén necesitamos un pouco máis de apoio na escola, pero aprendemos o mesmo que os demais.

–E temos os ollos con forma de améndoa, ghi ghi.



## TODAS AS NENAS E NENOS SOMOS DIFERENTES E TAMÉN IGUAIS


–A min tamén me axudan na escola a debuxar un triángulo.



–Uf! Eu tamén tardo moito en facer un camiión.



–A nosa curmá Ying tamén ten os ollos amendoados.





A Xela encántalle o baloncesto. Pero enfádase cando a pelota non lle entra na canastra. Ten malas pulgas.



Tamén lle gusta o baile moderno. Vai moito á casa da súa amiga Icía, porque ten karaoke e luces de discoteca.




–**Eu podo chegar a facer o que fan outras nenas e nenos.** Son cabezona. Por iso quero que me deixen probar todo o que me pete.




–Os convites para a miña festa de aniversario fixénos eu, porque tamén me gusta fedellar con pinturas, tesoiras, cartolinas, papeis, fíos...

–Este ano convidei estas amigas e amigos:



Os Bolechas



Iria




Marcos



Rebeca




Saúl



Xurxo, que tamén ten a síndrome de Down.




Carme



Uxía



Fernando




Os Bolechas xa están na casa de Xela. Foron pronto para botarlle unha man cos petiscos. Teñen que rematar antes de que veña a xente.



Xela vai ao seu ritmo. Non lle gusta que a apuren. –Mirade, xa teño un petisco de salchichón!



Xa están os petiscos prontos. Agora van facer a torta de aniversario. Xela escolleu a Torta da Avoa. Seguro que lle gusta a todo o mundo!



–Temos que facela con estes ingredientes: leite, chocolate, a monda dun limón, canela, galletas e... e... hum... hum! Ah! E manteiga.



Faltan só cinco minutos para comezar a festa!  
A mesa está posta e a casa adornada.

Xela púxose elegantísima e fixo un peiteado  
rimbombantísimo!



Velaí están as amigas e amigos de Xela.  
Chegaron ás 5 en punto, como poñía o convite!

Veñen moi elegantes. E traen un regalo de  
aniversario para Xela!



Xela está nerviosísima e abre o regalo coa axuda do seu amigo Saúl.

–Que será? –berra.



–Un traxe de baño para a piscina! É bonito, pero... pero... pero non me gusta este azul. Xela di o que pensa. Ten a súa propia opinión.



–Pero non vos preocupedes. Vouno cambiar por un igualiño igualiño, mais de cor amarela, que é a miña preferida, gha, gha, gha...!



–Oe, Xela, deixáchesnos chafados! Eu pensei que ías dicir que querías mellor un bikini.  
–E eu, un traxe de mergulladora.





Atencióooooon! Xela vai apagar as candeas.  
Enche o peito de aire... pide un desexo... e...  
unhaaaaa... dúaaaaas... e... e... treeees!

–Parabéns no teu día, Xela queridaaaaa...  
Moitas felicidades, moitos anos de vidaaaaa...!  
Empeza a festa rachada!

# A SÍNDROME DE DOWN



As persoas con síndrome de Down, como Xela, teñen un cromosoma máis.




Pero non son persoas enfermas, porque a síndrome de Down non é unha enfermidade.



Xogan, estudan, traballan, fan deporte, teñen amigas, amigos, parella... como calquera.



Ás veces precisan algo máis de tempo para faceren algunhas cousas, pero fanas igual.



Tamén necesitan algo de apoio na escola e aprender xunto cos seus compañeiros e compañeiras.



Cada persoa temos a nosa personalidade, teñamos ou non unha discapacidade.



E o noso xenio, que forma parte da nosa personalidade.



E medramos, facémonos adultas e envellecemos da mesma maneira.



Todas as persoas somos diferentes, mais todas temos os mesmos dereitos.

## os bolechas

PEPE CARREIRO



Carlos



Loli



Pili



Braulio



Sonia



Tatá



Chispa



Mamá Bolechas Amparo



Papá Bolechas Daniel



Avoa materna Balbina



Avó materno Marcelo



Avoa paterna Flora



Avó paterno Emiliano



Curmá Sarela



Curmá Ying



Curmán Kofi



Tía Camila



Tío Lisardo



Lusco



Fusco



Curmá Saladina



Tía Lupa



Tío Agostiño



galicia

# os bolechas<sup>®</sup>

PEPE CARREIRO



**Contigo podemos máis**

[www.downgalicia.org](http://www.downgalicia.org)

